

## NOVO LIBRO DE TRATAMENTOS

A partires do 29 de maio as explotacións galegas terán que ter un novo libro de tratamentos, deixando de ser válido o que tiñamos ata agora. O novo libro estará a cargo do gandeiro e será a súa responsabilidade telo debidamente cuberto ante calquera inspección.

A forma de actuar para mercar un medicamento non vai cambiar moito. Cando o veterinario nos dea a receita, teremos que anotar o nº de receita no noso libro de tratamentos. Teremos que gardar esa receita durante 5 anos (como ata agora) e iremos á comercial polo medicamento e esta non terá que selar o libro, sendo o gandeiro que ten que anotar onde mercou o medicamento. O punto novo é que o día que apliquemos o tratamento haberá que anotar no libro a identificación do animal ou lote a tratar, a data de inicio e a data de fin (cando remate) dese tratamento e a cantidade de medicamento utilizada. Estes puntos son responsabilidade de quen aplica o tratamento, sexa o gandeiro, na maioría dos casos, ou o veterinario.

A Xunta de Galicia, a través das Oficinas Agrarias Comarcais (OACs) vai facilitar un exemplar de mostra para que os gandeiros o poidan utilizar. Estes poden ser validados si os veterinarios oficiais da vosa OAC vos selan tódalas follas do libro. O gandeiro pode modificar este modelo e adaptalo sempre que sexa un libro deseñado para impedir a súa manipulación.

**REXISTRO TRATAMENTOS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIONES GANDEIRAS (Decreto 63/2012) REGA:**  
DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN RECEITE (1) E DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN ADMINISTRE O TRATAMENTO (2)

<b>1</b>	<b>RECEITA Nº:</b> DOSE:	<b>MEDICAMENTO:</b> VIA ADMIN.:	<b>NOME VETERINARIO:</b> DURACION: días	<b>DIAGNOSTICO:</b>	<b>Nº COLEXIADO:</b> INDICACION:
<b>2</b>	Identificación animal (individual de ser o caso)	Data inicio tratamento	Data fin tratamento	Cantidade medicamento utilizada efectiva	Provedor do medicamento Nome e enderezo
		/ /	/ /		Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/>
<b>1</b>	<b>RECEITA Nº:</b> DOSE:	<b>MEDICAMENTO:</b> VIA ADMIN.:	<b>NOME VETERINARIO:</b> DURACION: días	<b>DIAGNOSTICO:</b>	<b>Nº COLEXIADO:</b> INDICACION:
<b>2</b>	Identificación animal (individual de ser o caso)	Data inicio tratamento	Data fin tratamento	Cantidade medicamento utilizada efectiva	Provedor do medicamento Nome e enderezo
		/ /	/ /		Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/>
<b>1</b>	<b>RECEITA Nº:</b> DOSE:	<b>MEDICAMENTO:</b> VIA ADMIN.:	<b>NOME VETERINARIO:</b> DURACION: días	<b>DIAGNOSTICO:</b>	<b>Nº COLEXIADO:</b> INDICACION:
<b>2</b>	Identificación animal (individual de ser o caso)	Data inicio tratamento	Data fin tratamento	Cantidade medicamento utilizada efectiva	Provedor do medicamento Nome e enderezo
		/ /	/ /		Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/>
<b>1</b>	<b>RECEITA Nº:</b> DOSE:	<b>MEDICAMENTO:</b> VIA ADMIN.:	<b>NOME VETERINARIO:</b> DURACION: días	<b>DIAGNOSTICO:</b>	<b>Nº COLEXIADO:</b> INDICACION:
<b>2</b>	Identificación animal (individual de ser o caso)	Data inicio tratamento	Data fin tratamento	Cantidade medicamento utilizada efectiva	Provedor do medicamento Nome e enderezo
		/ /	/ /		Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/>

Modelo de libro de tratamentos distribuído nas OACs

## COMPRA – VENTA

- Véndense cachorros de Border Collie – 628 671 655 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie desparasitados e vacinados – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese mastín de un ano e medio traballando con ovellas - 608 879 938 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndese rabaño de 100 ovellas – 629 883 081 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense cachorros de 3 meses de Mastín dos Pirineos que conviven con cabras – 671 804 756 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 609 417 868 – A Merca (Ourense)
- Véndense cabritas de recría e machos. Prezo 60/70 euros – 664 524 486 – Allariz (Ourense)
- Véndense cachorros de Mastín Español e de Can de palleiro – 676 114 513 – Alfoz (Lugo)
- Véndese 85 ovellas e 60 cabras – 676 763 546 – Aranga (A Coruña)



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 74 ABRIL 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense  
Correo Electrónico: ovica@ovica.org  
Páxina web: www.ovica.org

## 1ª XORNADA TÉCNICA DE VÉLARO S. COOP. GALEGA

O pasado 14 de abril realizouse en Lugo a 1ª Xornada Técnica de Vélaro. Araceli Pillado, presidenta da cooperativa, salientou na inauguración o traballo levado a cabo ata a data para arrancar esta iniciativa e marcou as principais liñas de traballo que se van iniciar. A cooperativa conta a día de hoxe con máis de 13.500 animais e preto de 70 socios.



A nova PAC a cargo de Jose Ángel Burgo

- Pagamento base (pago por hectárea admisible)
- Pagamento verde (en función do cumprimento duns requisitos en termos medioambientais)
- Pagamento a novos agricultores (incrementarase o pagamento base en un 25% nos 5 primeiros anos)
- Pagamento para zonas con limitacións naturais
- Pagamento acoplado (pendente definir cómo se vai aplicar)
- Pagamento a pequenos agricultores (para solicitudes de menos de 1.000 €)

Aínda así, a pesares da excelente explicación quedou patente que quedan moitas cousas por esclarecer e decidir a nivel europeo, estatal e galego para saber cómo vai quedar definitivamente a nova PAC. O que si quedou claro é que canto máis unido e forte sexa o sector, máis posibilidades teremos de incidir nas decisións que se tomen a nivel galego.

A 2ª exposición foi a cargo de Ernesto Sánchez, director técnico do CRAEGA, e expuxo moi claramente os requisitos básicos que deben cumprir as explotacións para que poidan ser certificadas en gandería ecolóxica. Os principais puntos son:

- Fertilización a base de esterco e xurros de explotacións ecolóxicas ou autorizadas, rotación de cultivos e adubos minerais autorizados.
- Alimentación a base de forraxes (mínimo o 60%).
- Lactación mínima de 45 días.
- Un máximo de 2 tratamentos por animal adulto e ano. As desparasitación e vacinas están permitidas.
- Duplícanse o período de supresión dos medicamentos e prohibese o uso de hormonas no control da reprodución.
- Os aloxamentos terán un máximo do 50% da superficie en "emparrillado".



Ovino e Caprino en ecolóxico a cargo de Ernesto Sánchez

Na charla puidemos ver os datos de gandeiros en ecolóxico no noso sector: 20 explotacións de ovino e 16 de caprino.



CAIXA RURAL GALEGA



## ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE OVICA

O pasado 14 de abril celebrouse en Lugo a Asemblea Xeral Ordinaria de OVICA correspondente ó exercicio 2011. Nela aprobáronse as solicitudes de altas e baixas de socios/as, expúxose a situación actual da asociación en canto a representatividade do sector en Galicia, aprobáronse as contas do ano 2011 e expuxéronse as actividades realizadas en dito exercicio. Tamén se expuxeron as previsións das contas para o 2012 e as actividades previstas.



A parte dos temas habituais explicáronse as reunións mantidas coa Consellería do Medio Rural e o avance das reivindicacións.

A Asemblea Xeral serviu ademais como contacto entre gandeiros/as como se puido comprobar durante o xantar previo, ó que quedaron a maior parte dos asistentes á Xornada Técnica de Vélaro.

## NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

### PRODUCCIÓN – O sacrificio de ovino incrementouse nun 4,8% en España no 2011

No ano 2011 incrementáronse os sacrificios de ovino e superáronse os 11,7 millóns de cabezas, fronte ós 11,2 millóns no 2010. Este incremento da entrada en matadoiro elevou a produción un 5,8%, ata as 132.070 toneladas, fronte ás 124.827 toneladas obtidas pola cría de ovino de carne en 2010. Deste modo, España mantense como segundo produtor comunitario, so superado polo Reino Unido, cun sacrificio en 2011 de 14,48 millóns de exemplares e unha produción de 289.318 toneladas.

No caso do caprino, o sacrificio en España incrementouse nun 15,1%, ata os 1,33 millóns de exemplares, fronte ós 1,16 millóns de cabezas do exercicio precedente. A produción de carne ascendeu a 10.412 toneladas en 2011, un 13,7% máis, fronte ás 9.159 toneladas do ano anterior. Con estes datos, España recorta distancia con Grecia, primeiro país produtor de caprino con 3,46 millóns de exemplares sacrificados e 33.601 toneladas de carne producidas.

### FRANCIA – Un de cada cinco agricultores franceses vende directamente os seus produtos

O 21% das explotacións francesas utilizaron as vendas directas como principal fórmula de comercialización. En total, 107.000 explotacións utilizaron canles curtas de comercialización, de acordo cun estudo realizado por el Ministerio de Agricultura francés.

Por sectores, foron os produtores de mel e hortalizas os que máis frecuentemente usaron a venda directa, seguidos por los produtores de froitas e viño. Polo contrario, os produtos animais, ós que se lles esixe máis requisitos para a súa transformación e comercialización, foron os menos presentes en la venda directa. Aínda así, no sector da carne, o 10% dos gandeiros franceses venden directamente ó consumidor.

O estudo incide en que nas zonas onde un determinado sector esta moi implantado, as vendas directas son menores. O motivo é que si o produto é moi abundante os numerosos agricultores ou gandeiros existentes na zona están agrupados en cooperativas u organizacións de produtores para realizar a comercialización. Polo contrario, en zonas onde o produto é minoritario, é máis frecuente a venda directa.

Así mesmo, nas explotacións que usaron a venda directa, esta foi a súa principal forma de comercialización: en 4 de cada 10 explotacións que usaron o circuíto curto, comercializaron por este tipo de vía o 75% de súa produción.

Por outra parte, a produción ecolóxica tivo unha importante presenza na venda directa. Alomenos, un 10% do comercializado por canles curtas foi de produción ecolóxica.

Por rematar, os produtores que practicaron a venda directa eran novos. Mentres que estes tiñan unha idade media de 49 anos, os produtores que venderon en canles longas eran dunha idade media de 52 anos.

### CONSUMO – O consumo de carne de ovino e cabrún descendeu un 6,4% no 2011 en España

O ovino e o caprino experimentaron unha caída acusada do consumo, cun descenso do 6,4% co respecto do ano 2010. Por iso, ó longo do 2011 incrementáronse as exportacións cara países da Unión Europea para paliar o descenso no consumo.

### SANIDADE – Investigadores lucenses ensaian un método ecolóxico para desparasitar animais

Un equipo de investigadores de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo, está logrando bos resultados cun método ecolóxico para desparasitar animais. Trátase de aplicar un fungo, o *Duddingtonia flagrans*, nos pastos ou na alimentación das especies, para previr enfermidades infecciosas.

Polo momento demostraron a súa eficacia en cabalos salvaxes e animais domésticos, como vacas, ovellas e porcos. Agora o seu novo reto é probar os resultados en animais salvaxes

O equipo de Veterinaria destaca que este método está adaptado ás esixencias da gandería ecolóxica e que hoxe en día non existe outro mecanismo de desparasitación biolóxico. De feito, xa tiveron os primeiros contactos con casas comerciais, pois poderíase distribuír para pulverizar nos campos ou engadir nos pensos. En calquera caso, sería máis barato que a desparasitación con produtos químicos.

### PREVENCIÓN DE LUMES – Máis de 200.000 cabezas de gando e 451 gandeiros para a prevención de lumes en Andalucía.

A labor dos gandeiros e dos seus rabaños no medio natural favorecen a biodiversidade e diminúen o risco de erosión e desertización. Dende que no ano 2005 se puxo en marcha este proxecto as cifras foron aumentando pasando de 5 pastores e 1.930 cabezas de gando ata os 228 gandeiros e 95.366 cabezas de gando caprino, ovino, equino e bovino que realizaron este traballo no medio natural andaluz en 2011.

Nestes 7 anos, a Consellería de Medio Ambiente investiu 1.700.000 euros nunha iniciativa que cada ano conta con máis gandeiros adscritos e, polo tanto, cunha maior superficie de actuación. Este programa permite que, nas áreas seleccionadas e por medio do manexo do gando por un pastor, o paso de gando posibilita a diminución da cobertura vexetal dos cortalumes, composta por pasto e mato, reducindo o risco de lumes. Os convenios subscritos cos gandeiros que participan nesta iniciativa inclúen unha prestación económica polas súas xestións, que se establece en función dos obxectivos acadados e das peculiaridades de cada zona na que desenrolan o seu traballo. Neste senso, o pastoreo controlado converte ós gandeiros en vixiantes permanentes, ó tempo que contribúen a limpar o monte de material combustible, sobre todo en zonas de difícil acceso. A acción do gando controlado polos pastores mantén as áreas de cortalumes, provocando discontinuidades nas masas forestais e impedindo a propagación dos lumes. Doutra banda, o proxecto de pastoreo controlado iniciouse logo dun estudio entre a Consellería de Medio Ambiente e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) no ano 2003.

Dende entón a área de actuación foise ampliando ata outras zonas configurando a Rede de Áreas Pasto – Cortalumes de Andalucía (RAPCA). Esta innovadora ferramenta de silvicultura preventiva susténtase sobre o uso tradicional dos montes, converténdose nunha das alternativas máis naturais para a realización de traballos preventivos en todo o territorio andaluz.

Igualmente, o proxecto persigue favorecer o desenvolvemento rural sostible e o mantemento da biodiversidade. Esta iniciativa completa os traballos preventivos nos montes públicos de Andalucía grazas ó percorrido controlado do gando polos cortalumes e outras infraestruturas preventivas, axuda a manter as mesmas sen combustible vexetal mediante unha actividade tradicional no monte.

### ALIMENTACIÓN – A seca provoca un aumento do prezo da palla de ata un 40%

A seca de boa parte de Europa provocou un constante incremento do prezo da palla de cereal en España, polo que cada vez os gandeiros teñen que pagar máis, ata un 40% máis. E por riba, as previsións para esta campaña 2012 fan que o futuro se vexa preocupante.

A demanda de palla incrementouse, xa que practicamente non houbo forraxe de inverno e ademais nesta campaña os pastos arrancaron tarde pola seca.

Os gandeiros pagan na actualidade ó redor de 100 euros por tonelada de palla máis o porte dende as zonas de produción, chegando a 130 euros por tonelada posta en Galicia.

O ano pasado parte da palla producida en España vendeuse a outros países de Europa, onde había gran demanda pola seca, co que máis da metade das existencias estaban vendidas a principios de 2012, cando os gandeiros de España empezaron a necesitala. Ademais, as perspectivas da colleita deste ano non son boas e en Andalucía e Extremadura case non haberá palla cando se recolla o cereal.